

PROTOCOLO REALIZACIÓN DAS PROBAS DE SETEMBRO ALUMNADO

As seguintes normas serán de estrito cumprimento e de vixencia durante a realización das probas extraordinarias de setembro.

Normas de acceso ao centro educativo:

- Non poderá acceder ao centro o alumnado que presente síntomas compatibles con COVID-19, estea en corentena ou en illamento por ser positivo de COVID. En caso de estar nalgunha destas situación, chamar ó centro educativo para saber como proceder (881866109 en horario de 9:00 a 14:00h).
- A entrada do centro realizarase pola cancela de acceso ás pistas. Nada máis acceder ás instalacións o alumnado de ESO e BAC dirixirase, sen formar grupos, á zona cuberta do patio, e farán fila respectando a distancia de seguridade (estará marcada no chan). Alumnado de CM-madeira e Fp-básica irán, sen formar grupos, á entrada do taller do patio o día 1 de setembro para a realización das probas de materias de taller e o 2 de setembro esperarán na zona cuberta do patio para realizar as probas dos ámbitos).
- Para acceder ó centro será obrigatorio o uso de máscara.
- Será un profesor quen sairá ó patio e fará o chamamento do alumnado convocado ás probas, unha vez nomeado, o alumno/a entrará pola porta indicada, procederá o lavado de mans coa solución hidroalcolica e irá directamente á aula que lle indique o profesor/a.
- Unha vez entre na aula sentarase na mesa e esperará indicacións do profesorado.
- O alumnado terá que traer o centro todo o material necesario para a realización das probas escritas.
- En caso de ter que entregar material ó profesorado para a súa valoración, será entregado na hora indicada para a realización da proba da materia correspondente. Non se poderán deixar traballos na conserxería do centro.
- Unha vez rematada a proba procederá a desinfectar o seu posto co material que haberá na aula para tal efecto e abandonará o recinto escolar pola porta da cancela de acceso ás pistas.
- No caso de ter que realizar outra proba, agardará fóra do recinto ata a hora da seguinte convocatoria.
- Non se permitirán estancias nos corredores e dentro da aula deberán permanecer nos seus pupitres e manter a distancia de seguridade.

- **As ventás das aulas, salvo condicións metereolóxicas adversas, permanecerán abertas durante todo o tempo.**